

# SAF TOMIÑO EN LOITA

## XUNTA RESPONSÁBEL DA PRECARIIDADE LABORAL E DA CALIDADE DO SERVIZO

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Tomiño está en loita para avanzar nos nosos dereitos laborais e mellorar as condicións de coidado das persoas usuarias. Nós, traballadoras do SAF, somos quen coidamos nos domicilios as vosas nais, pais, avós, avoas e demais persoas dependentes. O noso traballo consiste en ir de fogar en fogar, sempre contra reloxo, empregando os nosos propios vehículo, carecendo protocolos adecuados de seguridade laboral e prevención de riscos, sufrindo situacións de acoso e violencia física e mental, con escasos medios técnicos, xornadas irregulares, sobrecarga de traballo e cun salario miserento.

Na actualidade, en Tomiño, o servizo está xestionado pola empresa IDADES, **prestando un servizo público do que a Xunta de Galiza se desentende, negándose a asumir as súas responsabilidades, negando a financiación do custo real do servizo e a poñer en marcha un Servizo Galego de Coidados público e de calidade.**

A Xunta de Galiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), cos votos do PP e do PSOE, pactaron recentemente un novo financiamento para o SAF. Un financiamento totalmente insuficiente e ridículo. Por parte da Xunta se aboarán aos concellos 16€ por hora en 2026, 17€ no 2027 e 18€ no 2028, cando o custo real do servizo, a día de hoxe, ronda os 24€ por hora. **Que se pretende con esta miseria?** Mentres se despilfarran recursos sen reparos para Concertos, Xacobeo ou publicidade institucional, en lugar de destinar os recursos necesarios para os coidados das persoas dependentes.

Que pretende a Xunta e a conselleira Fabiola García con todo isto? **Pretende substituír o SAF, polo Bono Coidado no Fogar, ofrecendo 416€/mes para dependentes coidados na casa por familiares ou persoas da súa contorna, ese é o seu obxectivo porque molestamos, Fabiola?, a solución non é repartir miseria por riba da atención as persoas.**

Nós, traballadoras do SAF, profesionais dos coidados, témolo moi claro: que os servizos continúen en mans das empresas privadas, empresas que se enriquecen con beneficios millonarios pagados con cartos públicos. Que os concellos, como responsables subsidiarios do servizo, liciten concursos con orzamentos axustados para que a poxa sexa para o mais barato, afondando así na precariedade laboral e na decadencia dos coidados.

**As traballadoras do SAF de Tomiño dicimos basta.** Por iso levamos varias semanas desenvolvendo unha intensa campaña de socialización da problemática que vivimos. **As administracións públicas teñen que responsabilizarse das súas competencias e xa é hora de que a Xunta de Galiza asuma as súas.** Que a Conselleira de Política Social e Igualdade deixe de agocharse e cumpra coas súas responsabilidades. Que poña solucións efectivas e reais sobre a mesa.

Nunha sociedade como a tomiñesa e a galega, **este modelo lévanos á precariedade absoluta, tanto no ámbito laboral como no dos coidados. Non podemos permitilo. Xa que todas e todos imos precisar do SAF en algún momento da nosa vida.**



**O público é servizo, o privado beneficio!**  
**O SAF non pode ser un servizo en mans privadas!**